

con premer o botón correspondente na aplicación informática de elaboración de actas, pero que esta participación activa é imprescindible para garantir que as notas comunicadas e o seu envío son consentidas polo profesor; e engadiu que se informaría do procedemento aos profesores mediante unha Instrución.

Don J.M.V.R. sinalou que como a comunicación se realizaba automaticamente o deber podía consistir en autorizar dita comunicación; o cal foi aceptado por todos.

Tras o debate, o Consello de Goberno acordou por asentimento introducir no artigo 15 da *Normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes*, aprobada pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2001, un segundo parágrafo co seguinte texto:

**15.2. Cando sexa posible, a listaxe de cualificacións provisionais á que se refire o apartado anterior elaborárase mediante a aplicación informática de cobertura das actas de cualificacións. Así mesmo, no caso de estar operativo un procedemento para enviar aos alumnos a través de teléfonos móbiles información sobre as cualificacións provisionais das materias nas que estean matriculados e a data de revisión de exames, os profesores deberán autorizar dita comunicación no momento de publicar as cualificacións provisionais, mediante as canles técnicas que se establezan.**

Sendo as 13:40 horas interrompeuse a reunión co fin de que os membros do Consello puidesen asistir ao acto protocolario de toma de posesión do Ilmo. Sr. decano da Facultade de Farmacia. Ás 16:45 horas reanudouse a reunión baixo a presidencia do vicerreitor de Calidade e Planificación Estratéxica, por delegación do reitor por ausencia temporal. Debateuse en primeiro lugar o punto 17 e logo o 10 e seguintes, co resultado que se indica a continuación.

## **10. CREACIÓN DO CENTRO DE ESTUDOS TURÍSTICOS E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO SEU REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

O vicerreitor de Investigación e Innovación presentou a proposta, segundo a Memoria de creación que fora enviada coa convocatoria e a proposta de Regulamento que fora entregada ao comezo da reunión, e que modificaba nalgúns aspectos da enviada por erro coa convocatoria. O vicerreitor pediu desculpas por ter enviado coa convocatoria unha versión inicial e deu conta das novidades da versión proposta, entre elas a composición do Centro, que na proposta está constituído unicamente pola USC, os Concellos de Santiago de Compostela e de Lugo e a Asociación de Empresarios de Hostalaría e Restauración de Santiago de Compostela. O vicerreitor explicou que o Centro de Estudos Turísticos da USC (CETUR) xurdía da solicitude dos Concellos e da Asociación, e contaba coa participación de profesores da USC de Xeografía e Historia, Ciencias Económicas e Empresariais, Filoloxía, etc. Engadiu que a integración das entidades colaboradoras no Centro se faría a través dos correspondentes convenios unha vez que a creación do CETUR fose aprobada.

Don X.F.S. obxectou a referencia á contratación de bolseiros para realizar labores administrativas recollida na Memoria da creación do Centro, e avogou por substituír os bolseiros de investigación por contratados; e don X.C.C.P. discrepou do orzamento inicial